


Seminario Galileo



Meira V Morán

6º Educación Infantil

Día das letras galegas 2018




5º DE EDUCACIÓN INFANTIL




M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES




EU SON DON PÍO, UN GALO FACHENDOSO QUE FAI DE CATAVENTOS NO ALTO DO TELLADO. SON OBRA DA ESCRITORA M^a VICTORIA MORENO DA QUE VOS VOU CONTAR UNHAS COUSAS NESTAS PÁXINAS.

5º DE INFANTIL



SEGUE AS LIÑAS E COMPLETA O NOME DA ESCRITORA.



O MES DE MAIO CELÉBRASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS PARA HOMENAXEAR A ESCRITORES E ESCRITORAS QUE ESCRIBIRON EN GALEGO E DEFENDERON O NOSO IDIOMA. ESTE ANO HOMENAXEAMOS A M^a VICTORIA MORENO.

5º DE INFANTIL

D Í D S

L E T R S

G L E G S

A

A

A


A

A

COLOREA, RECORTA E COLOCA AS LETRAS QUE FALTAN.



A PROFESORA E ESCRITORA M^a VICTORIA MORENO NACEU FÓRA DE GALICIA, NUNHA VILA DE CÁCERES. AOS 22 ANOS VEU TRABALLAR Á NOSA TERRA.



QUE CAMIÑO TEN QUE PERCORRER M^a VICTORIA PARA CHEGAR A GALICIA?




TRABALLOU DE PROFESORA EN PONTEVEDRA, DANDO CLASE AOS RAPACES E RAPA-
ZAS DE INSTITUTO. TAMÉN TIVO TEMPO PARA ESCRIBIR MOITOS LIBROS PARA ELES E
PARA OS MÁIS PEQUENOS.

CUNHA PRESA DE LETRAS
E UN ALOUMIÑO
VOUCHE CONTAR UN CONTO
COMA UN SORRISO.

UN CONTO LEDO
COMA OS OLLOS DUN CAN
E A VOZ DUN NENO.

<input type="checkbox"/>	<i>a</i>
<input type="checkbox"/>	<i>e</i>
<input type="checkbox"/>	<i>i</i>
<input type="checkbox"/>	<i>o</i>
<input type="checkbox"/>	<i>u</i>

NESTE CONTO CHEO DE VOGAIS CONTA E ESCRIBE, A CARON DE CADA UNHA, O NÚMERO DE
VECES QUE SE REPITEN.



A SÚA PRIMEIRA NOVELA, «MAR ADIANTE», CONTA A HISTORIA DUNS NENOS QUE FAN ESCOLA DENTRO DUN BARCO AO TEMPO QUE VAN NAVEGANDO POLO MAR.

EU ESCRIBÍN ESTE LIBRO
PARA TI, QUE O TES NA MAN,
E VAS SER POR UN TEMPIÑO
MARIÑEIRO DO «ARROÁS»



X	P	C	A	L	U	R	A	T
V	L	B	O	C	Z	X	Ñ	C
M	Z	S	N	U	O	N	D	A
R	B	A	R	C	O	E	S	B
T	O	B	X	C	B	F	Z	L
R	O	B	A	L	I	Z	A	E

LOCALIZA NESTA SOPA DE LETRAS ESTAS CATRO PALABRAS RELACIONADAS CO MAR: ONDA, ROBALIZA, LURA E BARCO.



GAÑOU O PREMIO DO FACHO CO CONTO «O CATAVENTOS», QUE CONTA A HISTORIA DUN GALO CHAMADO DON PÍO, QUE QUERÍA CHEGAR MÁIS ALTO QUE O RESTO DAS SÚAS COMPAÑEIRAS DO GALIÑEIRO

EU SON O QUE MANDA AQUÍ
E ESA PARVA DE GALIÑA
VOA MÁIS ALTO CA MIN.


AQUÍ ESTOU -KIKIRIKÍ-
PARA QUE MIREN AS GALIÑAS
QUEN É O QUE MANDA AQUÍ.



QUE DIN O GALO E A GALIÑA? COMPLETA OS GLOBOS E COLOREA.



«A FESTA NO FAIADO» CONTA A HISTORIA DUNHA BONECA E UN GATO QUE FAN UNHA COMIDA Á QUE INVITAN AOS RATOS E AOS PAXAROS.



RIBA DUN TALLO VELLO, COLOQUEI UN PANO A XEITO DE MANTEL, UNS LABESTRIÑOS DO TELLADO NO MEDIO, UN PRATO DE SARDIÑAS PARA GATO, UNHAS TAPIÑAS DE QUEIXO PARA OS RATOS E FRANGULLAS DE PAN PARA OS PARDAIS.

UNE CADA ANIMAL CO SEU ALIMENTO.



NO SEU LIBRO «¿UN CACHIÑO DE BICA?» FÁLANOS DAS COMIDAS QUE FACEMOS AO LONGO DO DÍA.

PEDÍN CAFE CON LEITE
Á CAMAREIRA
E TROUXOME UNHA TAZA
CHEA DE LETRAS.
E UNHA CULLER
POR SE ME VIÑA ANTOLLO
DE REMEXER.







IDEAR ENTRE TODA A CLASE O MENÚ QUE LLE GUSTARÍA COMER A MARÍA VICTORIA, ESCRIBILO, DECORALO E PROBAR A FACER ALGO NA CLASE.



TEN OUTRO CONTO ESCRITO EN VERSO, «XA NON TEÑO MEDO», QUE TRATA SOBRE UN NENO QUE TIÑA MEDO A DURMIR ÁS ESCURAS E SÓ.

NO ARMARIO MÁIS PEQUENO
TEÑO TRES GATOS,
UN CANCIÑO DE SEDA
E DEZ LAGARTOS.

DORMEN DE DÍA
E POLAS NOITES TRAMAN
MIL OUSADÍAS.




COLOREA DE COR AZUL TRES GATOS.



E TAMÉN TEN CONTOS DE ANIMAIS, DE DOUS CANS CHAMADOS NICOLAU E CORRECAMIÑOS, UN NEGRO E OUTRO BRANCO.

NICO NON ERA LAMBÓN,
MAIS GUSTÁBANLLE AS GALLETAS,
TOLEABA POLO PAN
E ERA FELIZ COAS CODELAS
QUE GARDABA E VIXIABA
COMA A MAIOR DAS RIQUEZAS.


MAIS NON PENSEDES QUE NICO
DEVECÍA POR COMELAS,
SENÓN QUE AS ÍA XUNTANDO
POR XOGAR DESPOIS CON ELAS.



BUSCA AS CINCO DIFERENZAS NO CAN NICO.


MARÍA VICTORIA MORENO

17 DE MAIO 2018
DÍA DAS LETRAS GALEGAS



«A miña relación
con Galicia e a miña
opción pola súa
lingua é simplemen-
te unha historia de
amor.»

María V Moreno




Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

seminariogalalan.org

CARICATURA: A. PALLA
ILUSTRACIÓN: C. GALLEGO